

EUCARISTÍA

6 de Xuño

Santa Bonifacia Rodríguez de Castro, virxe

Solemnidade

Antífona de entrada

Sal 36, 3-4

Confía no Señor e fai o ben, habitarás a túa terra e repousarás nela en fidelidade; sexa o Señor a túa delicia e el darache o que pide o teu corazón.

Dise Gloria.

Oración colecta

Deus, noso Pai,
que chamaches a santa Bonifacia, virxe,
a seguir o teu Fillo na súa vida oculta
e a servir os pobres, irmandando a oración co traballo;
concédenos, como ela,
buscar o teu Reino sobre todas as cousas da terra
e gozar na túa casa dos bens eternos.
Polo noso Señor Xesús Cristo.

Dise Creo.

Oración sobre as ofrendas

No día de hoxe ofrecémosche con gozo, Señor,
este santo sacrificio,
co que lembramos a gloriosa vitoria de santa Bonifacia,
con el proclamamos a túa grandeza
e enchémonos de alegría
porque nos concediches tan poderosa intercesora.
Por Xesús Cristo, o noso Señor.

Antífona de comunión

Xn. 12, 26

O que queira servirme, que me siga, di o Señor,
e onde eu estea, alí tamén estará o meu servidor.

Oración despois da comunión

Que a túa Igrexa, Pai,
reciba en plenitude a eficacia salvadora deste sacramento
co que nos alimentaches na festa de santa Bonifacia,
e a que foi gloria da Igrexa pola súa vida de traballo ao servizo dos pobres,
sexa agora a súa protectora desde o ceo.
Por Xesús Cristo, o noso Señor.

6 de Xuño

Santa Bonifacia Rodríguez de Castro, virxe

Solemnidade

TEMPO PASCUAL

PRIMEIRA LECTURA

Feit. 2, 42-47: “Todos os crentes vivían unidos e tiñan todo en común”

Eran perseverantes en escoitar a ensinanza dos apóstolos, na comunión da vida, no rito de partiren o pan e nas oracións. Apoderouse de todos o respecto, pois os apóstolos facían moitas marabillas e sinais.

Todos os crentes vivían unidos e tiñan todo en común; vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme ás necesidades de cada un. Todos a unha asistían diariamente ao templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; loaban a Deus e eran ben vistos de todo o pobo. Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ao grupo.

Palabra de Deus

Salmo responsorial Sal 117, 2-4. 13. 15. 22-24 R/. Sal 117,1

R/ Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

ou ben: Aleluia

V/ Que o diga a casa de Israel:
o seu amor é eterno;
que o diga a casa de Aarón:
o seu amor é eterno;
que o digan os que temen ao Señor:
o seu amor é eterno.

R/ Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

V/ Empurran, empurran para tirarme,
pero o Señor é o meu auxilio.
Óense cantares de gozo e de vitoria,
nas moradas dos xustos.

R/ Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

V/ A pedra que desbotaron os canteiros
convértese en pedra angular.
Isto é cousa do Señor,
admirable feito á nosa vista.

R/ Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

V/ Este é o día en que obra o Señor:
relouquemos e alegrémonos nel.

R/ Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

TEMPO ORDINARIO

PRIMEIRA LECTURA

Isaías 42, 1-4. 6-7: “ Mirade o meu Servo, a quen teño collido da man”

Velaí o meu Servo,
a quen teño collido da man;
velaí o meu escollido no que eu me comprazo.
Teño posto sobre el o meu espírito:
ditaralles sentencia xusta ás nacións
Non berrará, non levantará a súa voz
nin a fará oír nas rúas.
Canivela fendida non a romperá,
e torcida esmorecente non a apagará.
Con fidelidade proclamará a xustiza,
non desfalecerá nin crebará
ata establecer na terra a xustiza,
e a súa lei, que esperan as nacións.
Eu, o Señor, chameite por causa da xustiza,
collinte pola man e protexinte,
e convertinte en alianza dun pobo
e en luz das nacións,
para que lles abras os ollos aos cegos,
para que libres do cárcere aos presos
da prisión aos que viven na escuridade.

Palabra de Deus.

Salmo responsorial Sal 117, 2-4. 13. 15. 22-24 R/. Sal 117,1

R/ Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

Ou ben: Aleluia.

SEGUNDA LECTURA

Filipenses 2, 1-11: “Abaixouse, por iso Deus o exaltou sobre todo”

Irmáns: Así que, se vale de algo o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor mutuo, se hai comunión no Espírito e se hai sentimentos en vós de agarimo e misericordia, facede completa a miña alegría, levándovos ben, tendo un mesmo amor, unha soa alma, unha mesma idea. Non fagades nada á retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el. Non mirar cada un polo que lle ten conta a el, senón tamén polo que llela ten aos outros.

Tede entre vós a mesma actitude de Cristo Xesús.

El con ser de condición divina,
non se agarrou cobizosamente á súa categoría de Deus;
senón que se espiu do seu rango,
asumió a condición de escravo;
fíxose un home normal e presentouse como tal
abaixouse a si mesmo,
facéndose obediente ata a morte,
e a morte de cruz!.

Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo
e lle concedeu un título que está por riba de calquera título
para que ante o título de Xesús
se dobre todo xeonllo
no ceo, na terra e máis no abismo,
e para que toda lingua proclame
para gloria de Deus Pai
que Xesús Cristo é o Señor..

Palabra de Deus.

Aleluia Is, 61,1

Aleluia, aleluia.
O Espírito do Señor, Yavé, está sobre min.
Mándame a anunciar a boa nova aos pobres.
Aleluia.

EVANXEO

Lucas 4, 16-24: “O Espírito do Señor está sobre min porque el me unxiu”

Naquel tempo chegou Xesús a Nazaret, onde se criara, e o sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga. Ergueuse para facer a lectura, e déronlle o libro do profeta Isaías. Abriuno e atopou unha pasaxe que dicía:

“ O Espírito do Señor está sobre min, porque el foi quen me unxiu para proclamarlle a boa nova aos pobres. Mandoume para lle anunciar a liberación aos secuestrados e a vista aos cegos, para lles dar liberdade aos asoballados, e proclamar o ano de graza do Señor”.

Pechando o libro devolveullo ao encargado, e sentou. Todos os ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel. Logo empezoulles a dicir: Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura. E todos se lle puxeron á contra, estrañados polas palabras de graza que saían da boca del. E dicían: Pero non é este o fillo de Xosé?. El díxolles: Seguramente me recordaredes aquel refrán: Médico, cúrate a ti mesmo; todo canto oímos que fixeches en Cafarnaúm, faino aquí na túa terra. Pero El continuou: Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra.

Palabra de Deus

LITURGIA DE LAS HORAS

6 de Xuño

Santa Bonifacia Rodríguez de Castro, virxe

Solemnidade

Bonifacia Rodríguez de Castro nace en Salamanca (España) o 6 de xuño de 1837 nunha familia de artesáns. Comeza a gañar a vida aos 15 anos no oficio de cordoeira. Moi devota de San Xosé e de María Inmaculada, crea coas súas amigas a Asociación Xosefina no seu propio obradoiro. Xuntamente co xesuíta catalán Francisco Butinyá funda en Salamanca en 1874 a Congregación de Servas de San Xosé para a atención da muller traballadora pobre. A súa espiritualidade céntrase en irmandar a oración co traballo na sinxeleza da vida cotiá, a imitación da Familia de Nazaret. Coñece na súa vida a exclusión, a humillación e a calumnia, sendo a súa única resposta o silencio e o perdón, manifestacións do seu puro amor fraterno. Falece en Zamora (España) o 8 de agosto de 1905.

I Vésperas

HIMNO

SALMODIA

Ant. 1. Bendito sexa o nome do señor que fixo por min prodixios de misericordia. **(T.P. Aleluia)**

Salmo 112

Loade, servidores do Señor,
loade o nome do Señor.
Bendito sexa o nome do Señor,
agora e por sempre.
Desde o nacente ao poñente
loado sexa o nome do Señor.

Excelso sobre as xentes é o Señor,
sobre o ceo a súa gloria.
Quen coma o Señor, noso Deus,
que habita nas alturas
e que baixa para coidar
do ceo e mais da terra?

El ergue do po os indixentes,
levanta os pobres do esterco,
para lles dar asento cos nobres,
cos nobres do seu pobo.
El fai da estéril da casa
nai ditosa de fillos.

Ant. Bendito sexa o nome do Señor, que fixo por min prodixios de misericordia. (T. P. Aleluia)

Ant. 2. Glorifica ao Señor, que te acompaña como un pai ao longo de todo o camiño. (T.P. Aleluia)

Salmo 147

Glorifica ao Señor, Xerusalén,
loa o teu Deus, Sión.
El reforza os ferrollos das túas portas
e bendí os teus fillos no teu seo.
Establece a paz nos teus confíns
e fártate de flor de trigo.

El manda á terra a súa mensaxe
e a súa palabra corre lixeira.
Produce neve coma la
e espalla xeadas coma cinsa;

esparexe coma faragullas o carambelo
e de frío conxélanse as augas.
Manda a súa palabra e derrétense,
sopra co seu alento e corre a auga.

El anuncia a Xacob os seus proxectos,
os seus estatutos e mandatos a Israel.
Non fai así con outros pobos
que descoñecen as súas decisións.

Ant. Glorifica ao Señor, que te acompaña como un pai ao longo de todo o camiño. (T.P. Aleluia)

Ant. 3. Bendito sexa Deus, que te elixiu en Cristo para que foses santa e irreprochable ante el polo amor. (T. P. Aleluia)

Cántico

Ef 1, 3-10

Bendito sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo,
que por medio de Cristo nos bendiciu no ceo
con toda clase de bendicións do Espírito!.

Porque nos escolleu antes da formación do mundo,
para que fósemos santos e sen mancha perante El polo amor.

El decidiu xa daquela porfillarnos por medio de Xesús Cristo,
para El, conforme o designio da súa vontade,
para loanza da súa gloriosa benquerenza,
coa que nos agraciou no Fillo amado,

quen co seu sangue nos acadou a redención
e o perdón dos pecados,
en proba da xenerosidade da súa graza.

E fíxoa rebordar sobre nós con toda sabedoría e intelixencia,
ao nos descubrir o misterio da súa vontade,
conforme o designio que El tiña
para levar a historia á súa plenitude e,
por medio de Cristo, levar a cabo a unidade do universo,
do que hai no ceo e do que hai na terra.

Ant. Bendito sexa Deus, que te elixiu en Cristo para que foses santa en irreprochable
ante el polo amor. (T. P. Aleluia)

LECTURA BREVE:

Fil 3. 7-8

Mais todo o que daquela era para min un proveito, estimeino, por causa de
Cristo, unha perda. Máis aínda, todo me parece perda comparado co grande que é
coñecer a Cristo Xesús, o meu Señor. Por El tirei con todo e doulle tanto valor coma ao
lixo con tal de gañar a Cristo.

RESPONSORIO BREVE:

Fóra do tempo pascual:

R/ A miña herdade é o Señor *Di o meu corazón. A miña herdade.

V/ Bo é o Señor para aquel que o busca. *Di o meu corazón. Gloria ao Pai. A
miña herdade.

Tempo pascual:

R/ A miña herdade é o Señor, di o meu corazón. *Aleluia. Aleluia. A miña
herdade.

V/ Bo é o Señor para aquel que o busca. *Aleluia, aleluia. Gloria ao Pai. A miña
herdade.

Magnificat. Ant: Bonifacia, muller traballadora, pón a súa vida ao servizo doutras
traballadoras buscando a súa dignidade e ámaas e cóidaas como ás nenas dos seus
ollos. (T. P. Aleluia)

PRECES

Deamos grazas a Deus pola vida de servizo aos pobres de santa Bonifacia, e digámoslle:
Alégrense todos os que esperan en ti, Señor.

Grazas che damos, Señor, polo amor con que nos amas e nos chamas cada día
- para estar contigo e construír o teu Reino.

Que as persoas crentes sexamos na túa Igrexa sal e luz
- para que cantos nos contemplan dean gloria ao noso Pai que está nos ceos.

Grazas che damos, Pai, porque alentas á vida relixiosa en todos os tempos
- para que, desde o seu seguimento de Xesús, xere espazos de acollida, dignidade
e solidariedade e anuncie o Reino.

Que prolonguemos entre os pobres do mundo do traballo, especialmente entre as mulleres,

- a misión evanxelizadora para a que chamaches a santa Bonifacia.

Ti acolles no teu amor aos nosos irmáns defuntos,

- e nos convidas a estreitar os nosos lazos de agarimo e amizade con eles pola comunión dos santos.

Noso Pai

Oración

Deus, noso Pai, que chamaches a santa Bonifacia, virxe, a seguir ao teu Fillo na súa vida oculta e a servir aos pobres, irmandando a oración co traballo; concédenos, como ela, buscar o teu Reino sobre todas as cousas da terra e gozar na túa casa dos bens eternos. Polo noso Señor Xesús Cristo.

Invitatorio

V. Señor, ábreme os meus labios.

R. E a miña boca proclamará a túa loanza.

Antífona.

Aclamemos ao Señor, nesta celebración de santa Bonifacia (T. P. Aleluia)

Salmo 94

O salmo 94 pode substituírse polo 99 o 66 ou o 23.

Oficio de lectura

HIMNO

SALMODIA

Ant.1 Abre a boca con sabedoría, e a súa lingua ensina con bondade (T. P. Aleluia)

Salmo 18 A

Os ceos proclaman a gloria de Deus,
o firmamento pregoa as obras das súas mans.

Un día pásalle ao outro a mensaxe,
unha noite transmítelle á outra a noticia.

Sen que falen nin conten,
sen que se sinta a súa voz,
por toda a terra vai o seu anuncio,
ata os confíns do mundo a súa palabra.

Ao sol púxolle alá no ceo unha tenda:
coma un desposado, sae da súa alcoba
e, ledado coma un heroe, percorre o seu camiño.

Ten nun extremo do ceo a saída
e, no seu xiro, chega ao outro extremo:
nada se subtrae á súa calor.

Ant. Abre a boca con sabedoría e a súa lingua ensina con bondade **(T.P. Aleluia)**

Ant 2. Amaches a xustiza, por iso o Señor, o teu Deus, unxiute con aceite de xúbilo.
(T.P. Aleluia)

Salmo 44

I

No meu corazón bole unha palabra fermosa:
vou recitar unha cántiga para o rei;
a miña lingua é lixeira, coma pluma de escribán.

Ti es o máis fermoso dos nacidos de home,
os teus labios deitan a graza;
por iso Deus te bendí para sempre.

Cingue, valente, a túa espada,
ela é o teu brillo e a túa gloria.
A túa gloria está en loitar
pola verdade e pola xustiza;
os teus adornos son os escarmentos da túa dereita.
As túa setas son agudas: diante de ti caen os pobos
e no medio deles os inimigos do rei.

O teu trono, coma o de Deus, é duradeiro,
un cetro de equidade, o teu cetro real.
Ti amas a xustiza e aborreces a iniquidade;
por iso Deus te unxiu
con óleo de alegrías, entre os teus compañeiros.

A mirra, áloe e acacia recenden os teus vestidos,
en pazos de marfil alégrante as arpas.
Fillas de reis tes por amigas,
e á túa dereita, a raíña, con ouro de Ofir.

Ant. Amaches a xustiza, por iso o Señor, o teu Deus, unxiute con aceite de xúbilo.
(T. P. Aleluia)

Ant. 3. Eu farei que por xeracións se recorde o teu nome e que por séculos te loen as nacións. (T. P. Aleluia)

II

Escoita, filla; olla e atende:
esquece o teu pobo e a casa de teu pai.
O rei está enfeitizado coa túa fermosura:
réndete a el, pois el é o teu señor.

Os de Tiro veñen con presentes,
os próceres dos pobos buscan o teu favor.

Entra con todo o honor dunha princesa,
bordados en ouro os seus vestidos;
con variado atavío é conducida ao rei,
acompañada polas súas doncelas.
Preséntante as amigas,
condúcente con xúbilo algareiro,
introdúcente no pazo do rei.

No canto de teus pais terás os teus fillos
e poralos por príncipes da terra.

Eu farei que por xeracións se recorde o teu nome,
e que por séculos te loen as nacións.

Ant. Eu farei que por xeracións se recorde o teu nome e que por séculos te loen as nacións. (T. P. Aleluia)

V. Que chegue á túa presenza o meditar do meu corazón (T.P. Aleluia)

R. Señor, miña rocha, meu redentor (T. P. Aleluia).

PRIMEIRA LECTURA

1Xn 4. 7-21

Da primeira carta do apóstolo San Xoán

Amémonos uns aos outros, xa que o amor é de Deus.

Meus amigos, amémonos uns aos outros, porque o amor vén de Deus; e todo aquel que ama naceu de Deus e coñece a Deus. O que non ama, aínda non coñece a Deus, porque Deus é amor.

O amor de Deus fíxose ver entre nós en que Deus mandou ao mundo o seu Fillo Unixénito, para que nos dese a súa vida. Hai amor dentro de nós, non porque nós

teñamos amado a Deus, senón porque El nos amou a nós e mandou o seu Fillo para que expiase os nosos pecados.

Meus amigos, se Deus nos amou tanto, tamén nós nos temos que amar uns aos outros. A Deus non o deu visto nunca ninguén; pero, se nós nos amamos uns aos outros, Deus está en comunión connosco e o seu amor faise realidade cumprida en nós.

Coñecemos que estamos en comunión con El e El connosco, en que nos deu parte no seu Espírito. Nós mesmos o contemplamos e por iso testemuñamos que o Pai mandou o seu Fillo coma Salvador do mundo. Se un profesa que Xesús é o Fillo de Deus, Deus está en comunión con el e el con Deus. Pero nós xa o coñecemos e temos posta a nosa fe neste amor: o amor que Deus mantén vivo entre nós. Deus é amor e quen permanece no amor, permanece en Deus e Deus permanece nel.

Nisto chega o amor a ser realidade cumprida en nós: en que miramos para o día do xuízo con confiada seguridade porque, tamén nós vivimos neste mundo ao xeito de Cristo. No amor non hai temor. Antes ben, o amor perfecto bota fóra o temor, pois o temor é temor dun castigo: quen ten medo non chegou a un amor perfecto.

Nós somos capaces de amar, porque El nos amou primeiro. Se un di: “Eu amo a Deus”, pero odia a seu irmán, é un mentireiro. Porque quen non ama a seu irmán a quen está vendo, non pode amar a Deus, a quen nunca viu: este é xustamente o mandamento que temos recibido del : que quen ama a Deus, ame tamén a seu irmán.

RESPONSORIO

R. E nós coñecemos o amor que Deus nos ten. * Quen permanece no amor, permanece en Deus e Deus permanece nel.

V. Amémonos uns a outros, xa que o amor é de Deus. * Quen permanece.

SEGUNDA LECTURA

Dos discursos de Bonifacia Rodríguez, fundadora, á comunidade de Salamanca o día de xoves santo.

(Discursos primeiro e segundo. “Varios escritos da Congregación”. pp. 55-61. Pro manuscrito Arquivo Xeral das Servas de San Xosé)

O seguimento de Xesús.

Se nós non seguimos as pegadas de Xesús, quen irá tras El? Anda buscando Xesús quen padeza con El, quen o ame, quen o siga, e a nós chamounos para iso, dándonos a nosa vocación que vale máis que todos os bens do mundo.

Dúas unións temos que conservar se habemos de ser fieis aquí e gañar o ceo: unha unión con Deus por medio do recollemento, da oración e do amor ao sacrificio e outra unión entre nós mesmas pola caridade, amándonos todas por igual, pois iguais somos diante de Deus.

Para estar unidos con Deus non hai mellor cousa ca andar sempre na súa presenza. Deus está diante de min e eu diante del, estame vendo, estame animando. Ah!, se nunca se apartase de nós esta idea, con que fervor faríamos todas as cousas?, Como aproveitaríamos todos os momentos que nos concede a súa bondade?

Quérovos dicir con santa franqueza que fuxades do desexo de ser prezadas ou acariñadas. Este coidado non o teñades nunca, pois teno Deus por vós. Estudade só ser boas, que xa vos amaredes e amaranvos sen procuralo vós. Que aloumiños tivo Xesús?,

os desprezos. Que loanzas lle facían?, as aldraxes e as persecucións. E queredes vós o que Xesús non quixo?

Decatádevos tamén que debedes atender máis o carácter das vosas Irmás que cada unha o voso, máis debedes respectar os gustos das outras que cada unha o voso, pois debemos ser todas para todas, seguindo a Xesús, que esquece a súa condición e categoría de Deus e fíxose pequeno coma os homes, porque os veu servir e non ser servido por eles.

Esquezamos, amadas Irmás, as aldraxes que unhas a outras nos fixemos e non andemos miserentas en perdoarnos.

Canto temos que aprender de Xesús, sobre todo contemplándoo na súa paixón! Que exemplos nos dá! Por que ao velo a El tan calado, sufrindo e padecendo, non gardamos nós ese precioso silencio? Cando o evanxeo refire as calumnias de que acusaban o Señor, di que Xesús calaba. Pois calou, Irmás, para nos ensinar a todos a gardar silencio.

Non haxa murmuracións, nin queixas, nin conversas ás agachadas, porque ese lume pode queimar a nosa casa, é dicir, a nosa alma.

Aplicémonos moito a darnos bo exemplo, porque hanos servir máis que todas as meditacións e todas as lecturas.

Deámonos, pois, bo exemplo, Irmás, e eu empezarei prometéndoo diante de Deus e poñéndovos a vós como testemuñas.

RESPONSORIO

Fil. 2, 5.3.2

R. Tede os mesmos sentimentos que tivo Cristo Xesús. Considerade os demais como superiores a vós mesmos. *Nada fagades por rivalidade ou vangloria.

V. Tede un mesmo amor, un mesmo espírito, un mesmo sentir. *Nada fagades.

TE DEUM

A oración como en laudes

Laudes

HIMNO

SALMODIA

Ant. 1. É bo, Señor, estar unido a ti e andar sempre na túa presenza. (T. P. Aleluia)

Salmo 62

A alma sedenta de Deus

Madrugara por Deus todo o que
rexeita as obras das tebras

Deus, meu Deus, por ti madrugo,
de ti ten sede a miña alma;
por ti devece o meu corpo,
en terra reseca, sedento e sen auga.

Miro cara a ti no santuario,
para ver o teu poder e a túa gloria.
O teu amor é mellor cá vida,
lóante os meus labios;
toda a miña vida te bendigo
e levanto no teu nome as miñas mans.

Como de graxa e manteiga, estou satisfeito,
con labios alegres lóate a miña boca.
No leito relémbrote,
nas vixilias da noite penso en ti.

Ti es o meu auxilio,
á sombra das túas ás estou contento;
a ti está unida a miña alma,
a túa dereita é o meu apoio.

Ant. É bo, Señor, estar unido a ti e andar sempre na túa presenza. (T. P. Aleluia).

Ant. 2. Santos e humildes de corazón, bendicidé ao Señor. (T. P. Aleluia).

Cántico

Dn 3, 57-88. 56

Toda a creación loe ao Señor

Loade ao Señor,
os seus servos todos (Ap 19, 5)

Todas as obras do Señor, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Anxos do Señor, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Ceos, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Todas as augas que estades por enriba do Ceo, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Todos os exércitos, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Sol e lúa, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polo séculos.

Estrelas do ceo, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Toda chuvia e orballo, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Todos os ventos, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Lume e calor, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Friaxe e quentura, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Orballos e nevadas, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Carazo e frío, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Xeadas e neves, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Noites e días, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Luz e tebras, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Lóstregos e nubes, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Bendiga a terra o Señor,
lóeo, exálteo polos séculos.

Montes e outeiros, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Todas as plantas da terra, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Fontes, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Mares e ríos, bendicida o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Cetáceos e toda a fauna acuática, bendicida o Señor,

loádeo, exaltádeo polos séculos.

Todas as aves do ceo, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Todos os animais salvaxes e domésticos, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Todos os homes, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Israel, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Sacerdotes do Señor, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Servos do Señor, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Espíritos e almas dos xustos, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Santos e humildes de corazón, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Hananías, Azarías e Mixael, bendicidé o Señor,
loádeo, exaltádeo polos séculos.

Bendigamos ao Pai e ao Fillo co Espírito Santo,
enxalcémolos con himnos polos séculos.

Bendito es Ti no firmamento do ceo,
loado e cheo de gloria para sempre.

Ant. Santos e humildes de corazón, bendicidé ao Señor. (T. P. Aleluia).

Ant. 3. O Señor ama ao seu pobo e adorna coa vitoria aos humildes. (T. P. Aleluia).

Salmo 149

Alegría dos santos

Os fillos da Igrexa, novo pobo de Deus,
alégrense no seu rei, Cristo, o Señor (Hesiquio).

Cantádelle ao Señor un cántico novo,
loádeo na asemblea dos xustos.
Alégrese Israel co seu facedor
e os fillos de Sión relouquen co seu rei.

Festexen coa danza o seu nome,
cántenlle con pandeiros e arpas,
porque o Señor ama o seu pobo
e coroa os humildes coa vitoria.

Exulten os xustos no triunfo
e canten xubilosos nos seus postos,
coa loanza de Deus nas gargantas
e a espada de dobre fío na súa man.

Farán vinganza entre as xentes
e escarmentos nas nacións;
atarán con cordas ós seus reis
e con cadeas ós seus nobres,
cumprir neles a sentenza ditada,
será un honor para os seus amigos.

Ant. O Señor ama ao seu pobo e adorna coa vitoria aos humildes. (T. P. Aleluia).

LECTURA BREVE

Xr 17.7-8

Bendito o home que confía en Deus: a súa esperanza é o Señor. Será coma unha árbore transplantada xunto á auga, que bota as súas raíces para o regueiro; non notará cando veña a seca, e a súa follaxe estará frondosa; nos anos de seca non terá preocupacións, pois non deixará de dar froito.

RESPONSORIO BREVE

Fóra do tempo pascual:

R/. Deus socórrea *Ao despuntar a aurora. Deus...

V/. Tendo a Deus no medio, non vacila. *Ao despuntar a aurora. Gloria ao Pai. Deus...

Tempo pascual

R/. Deus socórrea ao despuntar a aurora. *Aleluia; aleluia. Deus.

V/. Tendo a Deus no medio, non vacila. *Aleluia, aleluia. Gloria ao Pai. Deus.

Benedictus. Ant. Como Xesús, traballador de Nazaret, Bonifacia atopa a Deus na súa vida cotiá de traballo. (T. P. Aleluia).

PRECES

Loemos alegres ao Señor que chamou a santa Bonifacia a prolongar na Igrexa a vida de Xesús traballador en Nazaret, e digámoslle:

Loámoste, Señor, e confiamos en ti.

Grazas, Señor, porque nos teus anos de Nazaret, traballando xunto a Xosé e María,
-nos ensinaches a santificarnos nas máis humildes ocupacións.

Señor Xesús, ti segues actuando co Pai sempre no mundo

-que, coma ti, prolonguemos a obra creadora de Deus no noso traballo de cada día.

Ti chamaches a santa Bonifacia para ser luz no mundo do traballo:

-que sexamos bos administradores deste don recibido a favor dos nosos irmáns.

A Ti enviáronte a dar a boa noticia aos pobres,

-que seguindo os teus pasos, como santa Bonifacia, nos sintamos urxidos a velar pola súa dignidade e a prolongar entre eles a túa presenza salvadora.

Grazas, Pai, Señor do ceo e da terra,

-porque escondiches estas cousas aos sabios e entendidos e reveláchelas aos pequenos.

Noso Pai

Oración

Deus, noso Pai, que chamaches a santa Bonifacia, virxe, a seguir o teu fillo na súa vida oculta e a servir aos pobres, irmandando a oración co traballo; concédenos, como ela, buscar o teu Reino sobre todas as cousas da terra e gozar na túa casa dos bens eternos. Polo noso Señor Xesús Cristo.

Hora intermedia Terza, Sexta, Nona

Común de santas mulleres, coa salmodia complementaria
A oración como en laudes.

II Vésperas

HIMNO

SALMODIA

Ant. 1. Teñan prosperidade os que te queren, Señor (T. P. Aleluia).

Salmo 121

Alegreime, cando me dixeron:

imos para a casa do Señor.

Xa están os nosos pés

ás túas portas, Xerusalén,

Xerusalén, cidade ben feita,

de compacta harmonía.

Alá soben as tribos, as tribos do Señor,

conforme o costume de Israel,
para festexar o nome do Señor.
Alí están os tribunais da xustiza,
a sede da casa de David.

Saudade así a Xerusalén:

“Teñan prosperidade os que te queren,
que haxa paz nos teus muros
e contento nos teus pazos”.

Por mor de meus irmáns e compañeiros
darei eu: “ A paz contigo”.
Por mor da casa do Señor, o noso Deus,
deséxoches todo ben.

Ant. Teñan prosperidade os que te queren, Señor. (T. P. Aleluia)

Ant. 2. O Señor fai prósperas as obras das nosas mans. (T. P. Aleluia).

Salmo 126

Se o Señor non fai a casa,
en balde se esforzan os canteiros.
Se o Señor non garda a cidade,
en balde vixían as sentinelas.

En balde vós madrugades
e tardades en deitarvos:
comedes pan de traballos,
cando el llelo dá aos seus amigos mentres dormen.

Os fillos son a herdanza do Señor;
o froito do ventre, o seu xornal.
Coma as setas na man do guerreiro,
así os fillos da mocidade.

Feliz quen encheu deles a súa alxaba:
non se verá avergonzado cando discuta
cos inimigos na praza.

Ant. O Señor fai prósperas as obras das nosas mans. (T. P. Aleluia).

Ant. 3. Da súa plenitude todos recibimos graza tras graza. (T. P. Aleluia).

Cántico

Ef 1,3-10

Bendito sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo,
que por medio de Cristo nos bendiciu no ceo

con toda clase de bendicións do Espírito.

Porque nos escolleu antes da formación do mundo,
para que fôsemos santos e sen mancha perante El polo amor.

El decidiu xa daquela porfillarnos por medio de Xesús Cristo, para El,
conforme o designio da súa vontade,
para loanza da súa gloriosa benquerenza,
coa que nos agraciou no fillo amado,

quen co seu sangue nos acadou a redención
e o perdón dos pecados,
en proba da xenerosidade da súa graza.

E fíxoa rebordar sobre nós con toda sabedoría e intelixencia,
ao nos descubrir o misterio da súa vontade,
conforme o designio que El tiña para levar a historia á súa plenitude
e, por medio de Cristo, levar a cabo a unidade do universo,
do que hai no ceo e do que hai na terra.

Ant. Da súa plenitude todos recibimos graza tras graza. (T. P. Aleluia).

LECTURA BREVE

1 Cor 1. 27-30

Ao contrario, o que hai de parvo no mundo, iso foi escoller Deus para desconcertar os sabios; e o que hai de débil no mundo, iso foi escoller Deus para desconcertar o poder; o plebeo e máis o desprezado, iso foi escoller Deus: o que non é, para anular o que é; de xeito que ningún mortal poida campar diante de Deus. Por El é por quen existides vós en Cristo Xesús, quen se fixo para nós a sabedoría e maila xustiza, a santificación e mais a redención que veñen de Deus.

RESPONSORIO BREVE

Fóra do tempo pascual

R/. Señor, o meu corazón non é ambicioso *Nin os meus ollos altivos. Señor.

V/. Non pretendo grandezas que superan a miña capacidade. *Nin os meus ollos altivos.
Gloria ao Pai. Señor.

Tempo pascual

R/. Señor, o meu corazón non é ambicioso nin os meus ollos altivos. *Aleluia, Aleluia.
Señor.

V/. Non pretendo grandezas que superan a miña capacidade *Aleluia, aleluia. Gloria ao
Pai. Señor.

Magnificat, Ant. Anda buscando Xesús quen padeza con el, quen o ame, quen o siga. (T. P. Aleluia).

PRECES

Ao celebrar a festa de santa Bonifacia damos grazas a Deus Pai por mirar a súa pequenez, dicíndolle:

Que o teu pobo te loe, Señor.

Dámosche grazas, Pai, porque nos bendiches en nome de Cristo
-con toda clase de bens espirituais e celestiais.

Dámosche grazas porque santa Bonifacia escolleu o camiño do amor,
-que é vínculo da unidade perfecta.

Que, como ela, saibamos vivir o silencio e esquecer as ofensas que uns a outros nos
fixemos e non andemos miserentos en perdoarnos,
-para que poidamos vivir a fonda experiencia do perdón que nos ofrece Deus.

Que o amor mutuo nos distinga como discípulos teus, Señor, segundo o teu desexo,
-para que a túa igrexa faga visible o rostro amoroso do Pai.

Esperamos, Pai, que como resucitaches ao teu fillo,
-así tamén resucitarás aos que morreron, para facelos partícipes por sempre do
teu amor e a túa bondade.

Noso Pai

Oración

Deus, noso Pai, que chamaches a santa Bonifacia, virxe, a seguir ao teu Fillo na súa
vida oculta e a servir aos pobres, irmandando a oración co traballo; concédenos, como
ela, buscar o teu Reino sobre todas as cousas da terra e gozar na túa casa dos bens
eternos. Polo noso Señor Xesús Cristo.